

Continúan os verquidos de augas fecais en Santa Marta

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 09 Abril 2013 17:03



Os 28 millóns de euros da nova depuradora de Baiona non parecen por coto aos contínuos verquidos de augas fecais que se producen na contorna de Santa Marta.

O pasado sábado, as 14:30 da tarde, as persoas que paseaban pola zona foron testigos dun dos focos causantes dos pestilentes cheiros que acontecen a determinadas horas da madrugada na zona comprendida entre a Curva do Manco e a rotonda de entrada a Avda. Monteferal.

Un punto situado en fronte á citada rotonda, verquía de xeito continuado augas fecais directamente ao mar ante a mirada dos veciños e turistas que paseaban neses intres polo concorrido paseo marítimo.

O verquido, lonxe de ser un feito aillado, prodúcese de xeito continuado nesta zona. Non resulta estrano que entre as 2 e 3 da madrugada a contorna de Santa Marta presente un intenso cheiro a augas fecais, que presumiblemente terminarían diluídas no mar e ocultadas polas escuridade da noite. Feitos similares aos que acontecen en Gondomar, pero directamente na súa depuradora.

En 2011 e 2012 as praias de Ladeira e Concheira foron catalogadas pola Dirección Xeral de Innovación e xestión da Saúde Pública dependente do SERGAS, como [non aptas para o baño](#) dada a alta concentración de coliformes nas analíticas recentes, unha calificación que obrigaba

Continúan os verquidos de augas fecais en Santa Marta

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 09 Abril 2013 17:03

ao concello segundo a normativa vixente, a non recomendar ou prohibir o baño nos citados areas.